

Regulamento de funcionamento do Punto Limpo de Ponteceso

Artigo 1.- Definición e ámbito de aplicación

O Punto Limpo de Ponteceso é un equipamento ambiental, situado no Parque Empresarial de Tella. Nel recíbense os residuos que pola súa natureza ou volume non son obxecto habitual do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

Constitúe, polo tanto, un sistema de recollida selectiva, sendo un centro no que se reciben, almacenan e valoran os residuos domésticos que non teñen saída a través da recollida diaria.

En ningún caso se trata dun vertedoiro, senón dun lugar para almacenar temporalmente os residuos ata entregalos a xestores autorizados.

Artigo 2.- Obxectivos

- Recoller os residuos que pola súa natureza ou volume quedan fóra do servizo de recollida diaria
- Recuperar os materiais contidos nos residuos para reciclalos
- Sensibilizar os cidadáns respecto da separación e recuperación
- Proporcionarlles aos veciños un medio para eliminar os residuos que representen un perigo para o medio, como aceites, pinturas, fluorescentes, radiografías, etc., evitando así o seu vertido incontrolado
- Aproveitar os materiais contidos nos residuos que se poden reciclar directamente e conseguir con iso un aforro en enerxía e materias primas.
- Buscar unha mellor solución para cada tipo de residuos co fin de conseguir a máxima valoración dos materiais e o custe mínimo da xestión global.

Artigo 3.- Finalidade

Este regulamento ten por obxecto regular as actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do Punto Limpo de Ponteceso, as súas instalacións, elementos e mobiliario.

Artigo 4.- Usuarios do punto limpo

Son usuarios do punto limpo todos os cidadáns que residan no concello de Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe e Malpica de Bergantiños e que queiran depositar de forma selectiva os residuos orixinados nos seus domicilios , de conformidade ao que establecen os artigos deste regulamento.

O Punto Limpo estará ao dispor dos cidadáns que acheguen volumes de residuos que non superen os valores prefixados.

Queda terminantemente prohibido fumar nas instalacións do Punto Limpo.

Artigo 5.- Servizos que prestará o Punto Limpo

- Recibir os residuos domésticos que previamente clasificou o usuario
- Controlar a procedencia, natureza e cantidade dos residuos que depositen os usuarios
- Enviar os residuos recollidos aos xestores autorizados, para tratalos
- Colaborar coa Dirección Xeral de Avaliación Ambiental para estudar e facer o seguimento do nivel de concienciación dos cidadáns e do uso que se está a facer dos puntos limpos de Galicia, e enviarlle as relacións periódicas do volume de cada tipo de residuo recollido no Punto Limpo.

Artigo 6.- Residuos admitidos no Punto Limpo

O operario do punto limpo recollerá por unha banda residuos de orixe doméstica sen custo para os veciños dos catro Concellos antes mencionados.

Os usuarios que entreguen residuos no punto limpo deben presentalos clasificados e deberán axustarse á seguinte tipoloxía:

Residuos comúns	Cantidade máxima por domicilio
Envases de Vidro (Botellas, frascos, tarros)	50 Kgs/ mes
Cristal e cerámica (pratos, vasos, espellos, etc)	30 Kgs/ mes
Papel e cartón	50 Kgs/ mes
Téxtiles (roupa, calzado, etc)	50 kg/ano
Envases de plástico, bricks (cartón aluminizado), latas (aluminio)	50 kgs/ mes
Mobles de madeira	3 uds/ano
Aceite usado de fogar (aceite de cociñar)	10 litros/mes

Cascallos de pequenas obras	500 kg/ano
Grandes aparatos electrodomésticos sen gas clorofluorocarbono (CFC) (lavadoras, lavavaixelas, secadoras, cociñas, fornos)	2 de cada clase/ano
Pequenos aparatos electrodomésticos (fornos de microondas, tostadoras, cafeteiras eléctricas, calefactores portátiles, aspiradoras, máquinas de coser, maquinilla eléctrica de afeitar, taladradoras, serras eléctricas, consolas infantís, videoxogos, radios, cadenas de alta fidelidade, vídeos, cámaras fotográficas, videocámaras, impresoras, escáneres, teclados de ordeador, ratóns de ordenador, CPU, termnales de fax, teléfonos inalámbricos, ...)	2 de cada clase/ano
Voluminosos (colchóns)	3 de cada clase/ano
Voluminosos (Somieres)	3 de cada clase/ano
Restos metálicos do fogar (tixolas, cascanoces, sacacorchos, perolas, potas, tazas, tarteiras, aceiteiras e vinagreiras metálicas, botes de galletas, coitelos, culleres, tenedores, cazos, espumadeiras, cucharóns, moldes repostería, bandexas, cafetarías, teteiras, etc)	50 kg/mes
Outros restos metálicos (automóviles, mobiliario, tubarias, grifaría, fregadeiros, cañarías, lámpadas, esculturas metálicas, maceteros, cerraxerías, cadeiras e mesas ou partes delas, lavabos, bañeiras, pratos de ducha, estanterías, armarios, xaboeiras, marcos de espello, barra de ducha, toalleiros, portarollos, porta escobillas, pés de sombrillas, regadeiras de ferro, bancos,...	50 kg/mes

Residuos especiais	Cantidade máxima por domicilio
Electrodomésticos con gas CFC (frigoríficos, conxeladores, aparatos de aire acondicionado, aparatos cun sistema de arrefriamento (desumidificadores, ...))	2 de cada clase/ano
Pantallas de tubos catódicos (televisores, monitores de ordenador), pantallas de LCD ou planas, ordenadores portátiles.	2 de cada clase/ano
Fluorescentes e bombillas de baixo consumo	20 unidades/ano
Botes de aerosol	30 unidades/ano
Pinturas, disolventes e vernices	25 uds/ano
Pilas e baterías	10 kg/ano
Termómetros, radiografías	10 unidades/ano
Cartuchos de fotocopiadora e de impresora (tónor)	50 unidades/ano
Aceites de motor	5 litros/mes

Non se poden depositar os seguintes materiais:

- Residuos sen clasificar
- Materia orgánica
- Residuos agrícolas ou gandeiros
- Residuos que proceden da actividade industrial
- Residuos producidos por actividades mineiras ou extractivas
- Animais mortos
- Residuos sanitarios (medicamentos, infecciosos, clínicos, citolóxicos,...)
- Residuos radioactivos (pararraios,...)
- Produtos que proceden de comisados
- Calquera outro residuo que non se poida identificar e/ou clasificar previamente na categoría dos que se admiten.

Os residuos que procedan da actividade industrial ou comercial débenllos entregar os produtores ás empresas xestoras autorizadas. Non obstante, para tratar de dar unha solución ó problema dos residuos asimilables a urbanos xerados no pequeno comercio, permitírase tamén a súa entrega no Punto Limpo.

Para iso, son precisos os seguintes pasos:

1) Alta da empresa para o vertido: Teñen que presentarse os seguintes documentos:

- a. Copia do pago do último recibo do lixo: A empresa ten que estar ó día no pago.
- b. Autorización da empresa á persoa que realiza a entrega.

2) Proceso:

- a. Cubrirase o albarán no que se indicarán os distintos residuos entregados, calculando o custo dos mesmos.
- b. Cobrarase ós veciños o custo en función dos prezos indicados na seguinte táboa: Para poder descargar os residuos, deberán ser previamente abonados.
- c. Depositáranse os residuos nos puntos indicados polo operario responsable do Punto Limpo.

Residuos	Custo unitario
Envases de plástico, bricks (cartón aluminizado), latas (aluminio)	0 €
Grandes aparatos electrodomésticos sen gas clorofluorocarbono (CFC) (lavadoras, lavavaixelas, secadoras, cociñas, fornos)	2 €/Ud
Pequenos aparatos electrodomésticos (fornos de microondas, tostadoras, cafeteiras eléctricas, calefactores portátiles, aspiradoras, máquinas de coser, maquinilla eléctrica de afeitarse, taladradoras, serras eléctricas, consolas infantís, videoxogos, radios, cadenas de alta fidelidade, vídeos, cámaras fotográficas, videocámaras, impresoras, escáneres, teclados de ordeador, ratóns de ordenador, CPU, terminais de fax, teléfonos inalámbricos, ...)	0,5 €/Ud
Restos metálicos do fogar (tixolas, cascanoces, sacacorchos, perolas, potas, tazas, tarteiras, aceiteiras e vinagreiras metálicas, botes de galletas, coitelos, culleres, tenedores, cazos, espumadeiras, cucharóns, moldes repostería, bandexas, cafetarías, teteiras, etc)	0,25 €/Ud
Outros restos metálicos (automóviles, mobiliario, tubarías, grifaría, fregadeiros, cañarías, lámpadas, esculturas metálicas, maceteros, cerraxerías, cadeiras e mesas ou partes delas, lavabos, bañeiras, pratos de ducha, estanterías, armarios, xaboeiras, marcos de espello, barra de ducha, toalleiros, portarollos, portaescobillas, pés de sombrillas, regadeiras de ferro, bancos,...	0,5 €/Ud
Electrodomésticos con gas CFC (frigoríficos, conxeladores, aparatos de aire acondicionado, aparatos cun sistema de arrefriamento (desumidificadores, ...))	2 €/Ud
Pantallas de tubos catódicos (televisores, monitores de ordenador), pantallas de LCD ou planas, ordenadores portátiles.	1 €/Ud
Fluorescentes e bombillas de baixo consumo	0 €/Ud
Voluminosos (colchóns)	10 €/Ud
Voluminosos (Somieres)	2 €/Ud
Mobiliario	5 €/Ud

Os custos unitarios anteriores serán revisados anualmente en xaneiro de cada ano e así sucesivamente aplicándolles a subida do IPC ou a que se estime oportuna en función das modificacións realizadas na xestión dos residuos.

Os residuos que procedan da actividade industrial ou comercial (salvo as excepcións do pequeno comercio) débenllos entregar os produtores ás empresas xestoras autorizadas.

Artigo 7.- Rexistro

1 O Punto Limpo de Ponteceso contará cun libro de rexistro no que o operario rexistrará obrigatoriamente, anotando a data na que se realicen, todas as operacións de depósito de residuos.

2 Nese rexistro o operario deberá facer constar os datos persoais do usuario ou usuaria, que terá que presentar o DNI, que quedará rexistrado na operación correspondente. Así mesmo, o operario deberá facer constar no rexistro os datos referentes ao residuo que entreguen.

3 As informacións contidas no libro de rexistro quedarán sometidas ás normas xerais de protección de datos, sen que poidan ser utilizadas para outros fins que os propios do servizo.

Artigo 8.- Funcionamento e xestión

1.- Cando chegue ao centro, cada usuario deberá identificarse mediante o DNI.

2.- Antes de depositar o residuo ou residuos, cada usuario deberá declarar no posto de control o contido do que quere entregar, co fin de realizar un control de orientación do vertido. O operario do centro, segundo a carga declarada e seguindo os criterios do artigo 6º, decidirá aceptar ou rexeitar a entrega. Os usuarios e as usuarias do punto limpo deberán seguir as indicacións do operario do centro.

3.- Os usuarios e as usuarias só poden depositar no punto limpo os residuos mencionados no artigo 6.

4.- Para que o servizo que presta o punto limpo sexa o correcto, é necesario que os usuarios e as usuarias acheguen os residuos previamente separados e que os depositen nos colectores específicos para cada un deles, segundo as indicacións do operario do centro.

5.- Nas instalacións do Punto Limpo estará dispoñible unha copia do presente regulamento, co obxecto de posibilitar a súa consulta a calquera usuario que o solicite.

7.- Os transportistas que realicen os portes de residuos tamén seguirán as indicacións dos operarios do centro.

Artigo 9.- Horario

O Concello dará a coñecer o horario de funcionamento da instalación mediante os medios oportunos. O horario será de luns a sábados de 9 h ata as 14,30 horas. Os domingos a instalación permanecerá pechada.

Este horario poderá cambiarse segundo as necesidades do servizo. O Concello dará a

coñecer os cambios mediante Bandos da Alcaldía.

Artigo 10.- Protección do punto limpo

De conformidade coa lexislación vixente en materia de residuos e protección dos bens municipais, o Concello sancionará o uso indebido das instalacións, os actos que causen danos ás estruturas, ao mobiliario e ao equipamento, e o abandono de residuos no exterior do punto limpo.

Disposición adicional

A promulgación futura de normas con rango superior a este regulamento e que afecten ás materias determinará a súa aplicación automática e a posterior adaptación do regulamento no que fora necesario.

Disposición final única

Este regulamento entrará en vigor unha vez saia publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.